



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

Galicia **Skills** 2018

Dirección Xeral de Educación, Formación  
Profesional e Innovación Educativa

# Galicia **Skills** 2018

5º CAMPIONATO GALEGO DA FORMACIÓN PROFESIONAL

DESCRICIÓN TÉCNICA

## Pintura do automóbil

**Convoca:**



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo  
O FSE inviste no teu futuro



GOBIERNO  
DE ESPAÑA  
MINISTERIO  
DE EDUCACIÓN, CULTURA  
Y DEPORTE



## Índice

1. Introducción e obxectivos específicos da modalidade da competición de Pintura do automóbil
  - Introducción
  - Obxectivos da competición
  - Lugar e data da competición
  - Requisitos de participación
  - Coñecementos necesarios para o desenvolvemento da proba
  - Competencias requiridas
  - Patrocinadores
2. A competición: instrucións xerais para o seu desenvolvemento
  - En que consiste a competición
  - Aspectos para ter en conta no seu desenvolvemento
3. Descrición da proba
  - Definición da proba
  - Probas previstas
  - Criterios de avaliación da proba
  - Requisitos de saúde e seguridade
  - Equipamentos de protección persoal
4. Materiais e ferramentas que deben achegar as persoas participantes
5. Xurado
6. Premios



## 1. Introducción e obxectivos específicos da modalidade de competición de Pintura do automóbil

### Introdución

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da Consellería de Educación, Universidade e FP, da Xunta de Galicia, organiza o 5º Campionato Galego de Formación Profesional na especialidade de Pintura do automóbil.

### Obxectivos

Esta competición ten como obxectivos:

- Darlles valor á calidade e ao atractivo das ensinanzas de formación profesional da familia profesional de Transporte e mantemento de vehículos que se imparten nos centros de Galicia.
- Motivar o alumnado para a mellora da calidade da FP.
- Recoñecer e estimular o labor do profesorado.
- Potenciar as relacións dos centros onde se imparten estas ensinanzas coas empresas deste sector.
- eleccionar a persoa que represente a Galicia no skill de Pintura do automóbil na Olimpíada de Formación Profesional Spain Skills 2019.

### Lugar e data da competición

A competición, integrada no 5º Campionato Galego de Formación Profesional, celebrarase no mes de novembro no recinto Feira Internacional de Galicia Abanca, en Silleda.

Os días de celebración da competición comunicaranse a través da páxina web [www.edu.xunta.es/fp/galiciaskills](http://www.edu.xunta.es/fp/galiciaskills).

### Requisitos de participación

- Cada centro presentará unha única persoa participante, que deberá ir na compañía dun profesor ou unha profesora que se comprometan a exercer o papel de titor ou titora.
- As persoas competidoras deberán ter unha idade máxima de 21 anos o 31 de decembro de 2018.
- Deberase ademais estar matriculado/a nun ciclo formativo no curso 2018-2019.
- Durante a competición realizaranse reportaxes de vídeo e fotográficas que se utilizarán para a difusión dos campionatos de formación profesional.

As persoas participantes na competición autorizan a utilización destas fotos e vídeos para tal fin.

## Participantes

Centros	Alumnado	Titores
CIFP Ferrolterra. (Ferrol, A Coruña)	Christian Docal Fernández.	José Manuel Pérez Lodeiro
CIFP Someso. (A Coruña)	Diego Fernández Anido.	Juan Gesto Antelo.
CIFP Politécnico de Santiago. (Santiago, A Coruña)	Daniel Carnota Rey.	Fernando Bello Llorente.
CIFP As Mercedes. (Lugo)	Sen confirmar.	Balbino Trigo Díaz.
IES Mariña Sarmiento. (Viveiro, Lugo).	Mateo Rubal Valle.	Pablo Quintela Sotelo.
CIFP Valentín Paz Andrade. (Vigo, Pontevedra).	Alexandre Palmero Santomé	Sergio Gallego Nieto.
IES As Mariñas. (Betanzos, A Coruña).	Francisco Seijo Seijas.	José Manuel Pico Rodríguez.

## Coñecementos necesarios para o desenvolvemento da proba

Para o desenvolvemento das probas cómpre que o alumnado participante coñeza as técnicas dos procesos de preparación e emblecemento das superficies e dos materiais dos que está constituído un automóbil actual.

## Competencias requiridas

As competencias requiridas para a participación na competición son as dos ciclos formativos relacionados coa familia de Transporte e Mantemento de Vehículos Automóbiles:

- CB Mantemento de Vehículos.
- CM Carrozaría.
- CS Automoción.



## Patrocinadores

Á data da publicación deste documento, descoñécense os posibles patrocinadores.

## 2. A competición: instrucións xerais para o seu desenvolvemento

### En que consiste a competición

Esta competición consiste na demostración, por parte das persoas participantes, do saber facer e dos valores de competición que esixe este evento e esta especialidade, a través dunha demostración práctica que porá de manifesto a cualificación das persoas participantes, xa de por si moi elevada, pero trátase de buscar o/a mellor participante que poida representar a Galicia no vindeiro Campionato Nacional de Formación profesional SpainSkills, que terá lugar o próximo ano en Madrid.

### Aspectos para ter en conta no seu desenvolvemento

Nesta competición trátase non só de participar, senón tamén de coñecerse e pasar unha experiencia agradable, ao tempo que se demostran as competencias que require a profesión de pintura de vehículos, cometido que avaliará o xurado dun xeito o máis imparcial e honesto posible, sen perxuízo de ninguén.

O labor do xurado é buscar, dunha forma o máis xusta e imparcial posible, a persoa que mellor represente a Galicia no vindeiro Campionato Nacional de Formación profesional SpainSkills, e ao mesmo tempo axudar, animar e dar os parabéns ao resto de persoas competidoras.

## 3. Descrición da proba

### Definición da proba

- Fórmula orixinal xa preparada.
- Fórmula orixinal para preparar.
- Formulación a ollo con base nunha cor dada.
- Formulación con variantes a partir da fórmula orixinal.

Recoméndase ter coñecementos básicos de debuxo técnico para a interpretación de cotas e toma de medidas de referencia nas zonas onde cumpra traballar.

### Probas previstas

**A-1: Realización do proceso de preparación da superficie (proba “A”):** realizar o proceso completo de preparación da superficie dunha peza nova (capó), para realizar posteriormente un proceso de pintado H/H.



**A-2: Presentación de vinilos sobre unha superficie (proba “B”):** realizar as operacións e os procedementos necesarios para a decoración e colocación sobre unha superficie dos vinilos facilitados polo xurado e coas cotas indicadas no plano correspondente.

**B: Preparación da superficie (proba “C”):** realizar as operacións e os procedementos necesarios para a preparación da superficie dunha peza nova (aleta), que pode presentar diferentes danos, para realizar posteriormente o proceso de pintado correspondente.

**C: Preparación da superficie (proba “D”):** Realizar as operacións e os procedementos necesarios para a preparación da superficie dunha peza nova (defensa), que pode presentar diferentes danos, para realizar posteriormente o proceso de pintado correspondente.

**D: Medidas de seguridade:** utilizar correctamente os equipamentos de protección persoal e aplicar as medidas de seguridade da profesión.

**Poderase cambiar hasta un 30 % das probas presentadas, o día da competición.**

## Criteria de avaliación da proba

### Criteria de avaliación e/ou puntuación

1- Realización de proba “A-1 ” (peza “1”).	10 puntos
2- Realización de proba “ A-2” (peza “1”).	35 puntos
3- Realización da proba “B” (peza “2”).	20 puntos
4- Realización da proba “C” (peza “3”) .	25 puntos
5- Apartado de seguridade e saúde laboral (D).	10 puntos
<b>TOTAL</b>	<b>100 puntos</b>

## Requisitos de saúde e seguridade

Outros requisitos de seguridade específicos da profesión son:

- O xurado, utilizará o equipamento de seguridade persoal axeitado cando estea inspeccionando, comprobando uo traballando con algún proxecto das persoas participantes.
- Todos/as os/as concursantes deberan de utilizar o seus equipamentos de seguridade persoal conforme o traballo que deban realizar.
- A roupa de traballo deberá cumprir as respectivas normas.
- Toda a maquinaria e o equipamento deberá cumprir os requisitos de seguridade.



- As persoas participantes deberán manter a súa área de traballo despexada e o chan limpo de materiais, equipamentos ou obxectos que poidan facer que alguén tropece, patine ou caia.
- En caso de que unha persoa participante non cumpra as normas ou as instrucións de seguridade, descontaráselle puntos por seguridade.
- As persoas participantes que incumpran repetidamente os requisitos de seguridade poderán ser temporal ou permanentemente expulsadas da competición.

### **Equipamentos de protección persoal**

A indumentaria adecuada á especialidade de pintura de vehículos.

Equipamentos de seguridade propios da profesión (descrición).

- Luvas e lentes.
- Protección auditiva.
- Protección respiratoria.
- Calzado de seguridade.
- Roupa de traballo (buzos axeitados para cada tarefa).
- Todos os participantes deberán levar gafas de protección durante toda a competición.
- Deberá haber un botiquín de primeiros auxilios dispoñible durante toda a competición.

## **4. Materiais e ferramentas para achegar polas persoas participantes**

Cada participante deberá de achegar o seguinte material:

- Equipamentos de pulverización axeitados para a aplicación dos produtos de preparación e o embelecemento de superficies.
- Lixadora pneumática excéntrica rotativa, con aspiración de po.
- Material de debuxo adecuado para a realización das probas.
- Elementos axeitados para a colocación de vinilos.
- Indumentaria adecuada para os traballos que se vaian realizar.
- Sistemas de protección persoal que esixe a profesión.

## **5. Xurado**

Será o responsable da avaliación das persoas participantes e a súa decisión será inapelable.

Estará constituído por José Enrique Teijeiro Lombardía, experto da modalidade da competición de Pintura do automóbil, que será o presidente do xurado, así como o profesorado da especialidade e representantes das empresas patrocinadoras, de ser o caso.

Se algún membro do xurado é profesor ou profesora no centro onde curse os seus estudos unha persoa competidora, absterase de avaliála nos subcriterios subxectivos.



Durante todo o período da competición, o profesorado titor non poderá falar co seu alumnado durante as horas da competición, a non ser que estea presente outro compoñente do xurado na conversa.

Este incumprimento lavará consigo a descualificación automática do/da alumno/a participante.

## 6. Premios

A persoa competidora con maior puntuación obterá a medalla de ouro na modalidade da competición de Pintura do automóbil e representará a Comunidade Autónoma de Galicia na Olimpíada SpainSkills 2019.

Quen obteña a seguinte mellor puntuación, obterá a medalla de prata nesa especialidade e será suplente para representar a Galicia na Olimpíada SpainSkills 2019.

Os premios faranse públicos nun acto conxunto de entrega de premios e diplomas.

Se o considera oportuno o xurado, algún premio pode quedar deserto.

Todas as persoas competidoras recibirán un diploma que certifique a súa participación en GaliciaSkills 2018.